



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN SARGADELOS PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO MUSEO SARGADELOS-CARLOS MASIDE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Sargadelos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Sargadelos nos gastos de funcionamento do Museo Sargadelos-Carlos Maside.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa a Fundación Sargadelos. A Fundación Sargadelos é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxe promover a acción cultural e social, e a defensa da cultura, a historia, a lingua e as tradicións de Galicia. O edificio que alberga o Museo de arte contemporánea foi cedido á FUNDACIÓN SARGADELOS. Preténdese poñer a disposición do público o gran patrimonio artístico alí gardado.*

*Por todo o anterior é a Fundación Sargadelos a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

